

#### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 27 de maio de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e facer pública a composición do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde do 23 de marzo de 2013 (Diario Oficial de Galicia do 4 de abril), e pola que se fai pública a data, a hora e o lugar no que se realizará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos citados procedementos selectivos.*

En cumprimento do sinalado na base común sétima da Orde do 23 de marzo de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de abril), pola que se convocaban os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro. Nomear o tribunal que deberá xulgar a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia no anexo desta resolución.

Segundo. Indicar a data, a hora e o lugar en que se realizará a citada proba:

Data: 15 de xuño de 2013.

Hora: ás 10.00 horas.

Lugar: IES As Fontiñas, rúa de Estocolmo, 5, Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro. Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros do tribunal que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, que terán dereito a percibir as axudas e gastos de viaxe de acordo coa legislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xullo), e deberá en-



tenderse que queda expresamente autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2013

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

590053-Lingua e literatura galega		
Tribunal único Santiago de Compostela		
<b>Titulares</b>		
Posto	NIF	Nome
Presidente titular	33783681Q	González Moreiras, Jesús Pablo
Vogal titular 1	33849708X	Castro Castedo, Xosé Manuel
Vogal titular 2	34942441J	Alonso Fernández, María Elena
Vogal titular 3	33826836T	González Guerra, Anxo
Vogal titular 4	34253182H	Rodríguez Fuentes, Emilia
<b>Suplentes</b>		
Posto	NIF	Nome
Presidente suplente	34720883Z	Caseiro Nogueiras, Delfín
Vogal suplente 1	76364797J	Lestón Villar, Francisco Antonio
Vogal suplente 2	33306185T	García Cortón, María Remedios
Vogal suplente 3	76715290D	Gago Fernández, José Francisco
Vogal suplente 4	32431489V	Egea Lapina, Rosario

CVE-DOG: i3twf3z2-4ez9-1wd1-5zp3-cohzitraqzh0

